6. Non se observan supostos de infracción urbanística, cumprindo a edificación cos requisitos esixidos no Normativa sobre condicións de habitabilidade (salubridade, seguridade, ornamentación...) de aplicación no Concello, e en concreto as determinacións recollidas no Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia.

7. Considérase que a edificación resulta apta para ser ocupada."

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.-LICENZAS URBANÍSTICAS

Pódese definir o termo licenza urbanística como un acto administrativo de autorización ou declarativo de dereitos, de natureza regrada, mediante o cal a Administración leva a cabo un control preventivo sobre a actividade dos administrados para asegurar que a actuación proxectada se axusta á ordenación urbanística.

As licenzas otórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico e sempre deixando a salvo o dereito de propiedad e sen prexuízo de terceiros.

A denegación das licenzas urbanísticas deberá ser motivada, con explícita referencia ás normas ou determinación do planeamento urbanístico que se incumplan no proxecto para o que se solicita.

Así o establecen os artigos 142, 143 e 144 da Lei 2/2016 LSG e arts.348 e ss do RLSG.

Artigo 142. Licenzas urbanísticas e comunicacións previas

1. A licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

2. Estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:

a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.

b) As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.

c) As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.

d) Os muros de contención de terras, segundo se estableza regulamentariamente.

e) Os grandes movementos de terras e as explanacións.

f) As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.

g) A primeira ocupación dos edificios.

h) A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente

i) A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público.

3. Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis.

Artigo 143. Procedemento de outorgamento de licenzas

1. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos. En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

2. A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

3. Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Artigo 144. Prelación de licenzas e outros títulos administrativos

1. Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exixiranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impediralle ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

2. Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase

expresamente esa circunstancia.

3. No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requiran a previa avaliación de impacto ambiental, non se poderá outorgar a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando for negativa ou se incumprisen as medidas correctoras determinadas nela.

4. Non se poderá presentar a comunicación previa nin conceder licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei.

SEGUNDO.-OBXECTO DA LICENZA URBANÍSTICA

Segundo o disposto no artigo 355 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia:

"3. As solicitudes de licenza de primeira ocupación ou utilización que se refiran a edificacións amparadas en licenza de obras que requirisen proxecto técnico, deberán acompañarse dun certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, subscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o esixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente.

Achegarase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmoble de conformidade coa súa normativa reguladora e, no seu caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da adecuada execución das acometidas das redes de subministración".

TERCEIRO.- RÉXIME XURÍDICO DA ACTIVIDADE.

A actividade obxecto da presenta licenza someteuse a avaliación de incidencia ambiental con carácter previo a tramitación da licenza urbanística.

Unha vez executadas as obras e obtida a licenza de primeira utilización, deberase presentar no Concello segundo o establecido no artigo 364 do RLSG comunicación previa de inicio de actividade:

"Despois de finalizar a obra e obtida a licenza de primeira utilización da edificación, nos casos que sexa esixible, presentarase comunicación previa ou declaración responsable para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento sen máis requisitos, salvo disposición en contrario, que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa ou a licenza urbanística que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico competente".

Do mesmo xeito se pronuncia o artigo 24 e o artigo 33 Avaliación de incidencia ambiental da Lei 9/2013, de emprendemento e competitividade de Galicia,

As actividades ás que non lles resulte de aplicación a normativa sobre avaliación de impacto ambiental e que estean incluídas no anexo desta lei someteranse a avaliación de incidencia ambiental previamente á comunicación a que fai referencia o capítulo anterior.

Para estes efectos, obtida a declaración de incidencia ambiental ou a súa modificación substancial, presentarase a comunicación previa contemplada no artigo 24 da presente lei ante o concello respectivo, na que, ademais do previsto no citado artigo, achegarán a seguinte documentación:

a) Copia do proxecto da obra ou actividade asinada por técnico/a responsable.

b) Declaración de incidencia ambiental.

c) Certificación do/a técnico/a ou os/ as técnicos/as facultativos/ as que autoricen o proxecto de que este cumpre coa normativa técnica de aplicación.

Carecerá de validez e eficacia para todos os efectos a comunicación previa relativa a un proxecto que non se axuste ao determinado na declaración de incidencia ambiental.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a AVIPOR SILLEDA S.L., con CIF Nº B-36324416, de LICENZA DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN, para nave para explotación porcina de cebo para 989 porcos e unha fosa de xurro, no paraxe de Coltós do Cabo, Siador (Silleda), parcela con referencia catastral 36052N501002100000IJ, unha vez comprobado que as obras se axustan ao proxecto obxecto da licencia urbanística concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda do día 10 de outubro de 2019 no que se adoptou, entre outros, o acordo de CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a AVIPOR SILLEDA, S.L., segundo o proxecto asinado polo enxeñeiro técnico agrícola, Ramón Moreira García, colexiado nº 1666, visado polo Colexio Oficial o 09/05/2019, nº 151/19 (Po), con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico emitido polo arquitecto municipal, Lino M Doporto Framil, o 8 de outubro de 2019.

SEGUNDO.- Requirir ao interesado para que con carácter previo ao inicio da actividade presente no Concello a preceptiva comunicación previa, de conformidade co establecido no artigo 364 do RLSG e 24 da Lei 9/2013, de emprendemento e competitividade de Galicia.

TERCEIRO.- O interesado deberá aboar a taxa por outorgamento da licenza de primeira ocupación de edificios polo importe de 162,00 € en virtude do establecido no artigo 5 da ordenanza municipal.

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado.

**FOD - Expediente 1324/2022. Contratación servizo iluminación exterior Concello de Silleda**

| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

**Inclusión por urxencia Expediente 1324/2022**

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 10 de febreiro de 2023.

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de setembro de 2022 aprobase o inicio do expediente de contratación do CONTRATO MIXTO DE SERVIZOS ENERXÉTICOS E DE MANTEMENTO INTEGRAL DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR do Concello de Silleda a adxudicar por procedemento aberto, regulación harmonizada.

Visto que dadas as características da obra e o orzamento de licitación, do mesmo que ascende a 9.325.860,58 Euros (IVE engadido) de conformidade co disposto nos artigos 13, 16 e 18 da Lei de Contratos do Sector Público, trátase dun contrato de mixto de subministro e obra, e o procedemento máis axeitado para a súa adxudicación é o procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, regulación harmonizada.

Este sometemento a regulación harmonizada esixe a publicación do expediente de contratación ademais de no perfil do contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Estado, no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE).

Visto que na sesión celebrada o 8 de novembro de 2022, e previo dictamen Comisión Informativa de Medio Ambiente, Servizos e Industria (ésta celebrada o 7 de novembro de 2022), a Xunta de Goberno Local ACORDA, entre outros:

-Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, regulación harmonizada, do CONTRATO MIXTO DE SERVIZOS ENERXÉTICOS E DEMANTEMENTO INTEGRAL DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR do Concello de Silleda polo importe de 9.325.860,58 Euros (IVE engadido).

-Proceder á apertura do procedemento de adxudicación mediante contratación electrónica do presente contrato por procedemento aberto, regulación harmonizada, dando orde de que se proceda á publicación do expediente de contratación ademais de no perfil do contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Estado, no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE). O prazo para a presentación de proposicións non poderá ser inferior a trinta días a contar desde o seguinte

á publicación no perfil de contratante do anuncio de licitación, xa que non houbo envío do anuncio de información previa ao DOUE (artigo 156.2LCSP).

Visto que o 17 de novembro de 2022 realízase o envío do anuncio ó Diario Oficial da Unión Europea, consta resgardo no propio anuncio da licitación no perfil do contratante.

Visto que o 20 de novembro do 2022 publicase o anuncio na Plataforma de Contratación do Estado, consta resgardo no expediente.

Visto que o 22 de novembro publicase no Diario Oficial da Unión Europea o referido anuncio.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local na data 21 de decembro de 2022, polo que se levou a cabo unha rectificación do anuncio publicado no DOUE ampliando o plazo de presentación de ofertas e se dou publicidade a documentación relativa ao contrato.

Advertidos erros na redacción da documentación do presente contrato.

Visto o DOCUMENTO ACLARATORIO Á DOCUMENTACIÓN DO CONTRATO DE ILUMINACIÓN EXTERIOR DE SILLEDA EXPEDIENTE 1324/2022, realizado por Iván Andrade Tasende, con DNI 47363088Q, Enxeñeiro Técnico Industrial con número de colexiado COETICOR 3.768, como redactor dos pregos e anexos do contrato 1324/2022 Iluminación exterior Concello de Silleda, no que da solución ós problemas presentados.

A Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o 12 de xaneiro de 2023 acorda rectificar os erros na documentación e reiniciar o prazo de presentación de ofertas, rematando o 16 de febreiro de 2023.

Consta no expediente os anuncios rectificados de licitación e dos pregos.

O 16 de xaneiro do 2023 con nº de rexistro de entrada 2023-E-RC-162, notifícase que ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia presentouse recurso especial en materia de contratación por parte da ASOCIACIÓN DE PEQUEÑAS EMPRESAS contra os pregos da contratación da iluminación exterior do Concello de Silleda, expediente 1324/2022 de este Concello (Recurso número 6/2023).

Visto o documento enviado polo redactor dos pregos en resposta ó recurso presentado ante o Tacgal, advírtese erro no Prego de Prescricións Técnicas no punto 6.4. apartado “a” do PPT (páxina 20 de 43), onde pon:

Un (1) Responsable de conservación e mantemento con titulación universitaria acorde co obxecto do contrato, con formación e experiencia adecuadas, que asumirá a responsabilidade da realización correcta e boa marcha dos traballos contratados, baixo a supervisión do delegado do adxudicatario no caso de que sexan persoas distintas. Dedicación parcial dun 40% da xornada laboral.

Un (1) Encargado xeral de obras con experiencia nos traballos previstos no contrato, que deberá

poder realizar, en substitucións puntuais, as funcións do responsable de conservación e reparación. Dedicación parcial dun 50% da xornada laboral.

Un (1) Administrativo con coñecementos de informática necesarios para o obxecto do contrato. Dedicación parcial dun 30% da xornada laboral.

Dous (2) Oficias electricistas de diversa categoría. Dedicación total (100% da xornada).

Debería poñer

Un (1) Responsable de conservación e mantemento con titulación universitaria acorde co obxecto do contrato, con formación e experiencia adecuadas, que asumirá a responsabilidade da realización correcta e boa marcha dos traballos contratados, baixo a supervisión do delegado do adxudicatario no caso de que sexan persoas distintas. Dedicación parcial dun 50% da xornada laboral.

Un (1) Encargado xeral de obras con experiencia nos traballos previstos no contrato, que deberá poder realizar, en substitucións puntuais, as funcións do responsable de conservación e reparación. Dedicación total 100% da xornada laboral.

Un (1) Oficial electricista. Dedicación total (100% da xornada).

Dita relación de persoal está correctamente calculada no estudo económico polo que non afecta á valoración do contrato nin a ningún aspecto económico referido no PCAP

Na sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o 2 de febreiro de 2023 acórdase correxir o erro presentado no PPT e ampliar o prazo de presentación de ofertas ata o 17 de febreiro de 2023.

Constan no expediente a rectificación dos anuncios de licitación e pregos.

O 6 de febreiro de 2023 con nº de rexistro de entrada neste Concello 2023-E-RC-566, notifícase a RESOLUCIÓN nº 20/2023 do recurso especial en materia de contratación (RECURSO nº 6/2023) presentado ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia por parte da ASOCIACIÓN DE PEQUEÑAS EMPRESAS contra os pregos da contratación da iluminación exterior do Concello de Silleda, expediente 1324/2022 de este Concello (Recurso número 6/2023).

A resolución do TACGAL estima parcialmente o recurso interposto por parte da ASOCIACIÓN DE PEQUEÑAS EMPRESAS, en concreto no que fai referencia á corrección do punto 6.4 apartado “a” do PPT, como así se recolle no fundamento de dereito sexto:

“...Unha vez desbotado que nos atopemos ante o suposto dun erro material, o artigo 124 LCSP, en concordancia co indicado tamén polo artigo 122 ao respecto do pregos de cláusulas administrativas, é taxativo ao indicar que “Noutro caso, a modificación do prego suporá a retroacción de actuacións”.



Rúa do Trasdeza, 55, Silleda. 36540 (Pontevedra). Tfno. 986580000. Fax: 986581021

Isto evidentemente non significa que o órgano de contratación deba desistir da licitación ou acudir ás figuras da revisión de oficio ou da declaración de lesividade, de conformidade coa Lei 39/2015, para realizar unha modificación dos pregos. De feito, salientamos novamente que o artigo 124 da LCSP o que establece é a obriga a proceder á “retroacción de actuacións”, en consonancia co indicado polo artigo 75.2 do RD 1098/2001 de computar “dende o novo anuncio” o prazo de presentación de proposicións.

En definitiva, ao entender o órgano de contratación necesaria unha alteración do establecido no PPT como se recoñece no presente suposto, debe ineludiblemente proceder a unha retroacción das actuacións coa publicación dun novo anuncio, tal e como esixe o artigo 124 da LCSP, sen que se poida substituír a mesma por unha mera corrección e a publicación dunha “nota aclaratoria na propia Plataforma”, como se defende no informe de alegacións.

Todo o cal determina que corresponda a estimación parcial do recurso presentado, coa anulación da cláusula 6.4 do PPT, debendo proceder o órgano de contratación conforme ao indicado na presente Resolución.”

Vista a resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, debe procederse a retrotraer actuacións, aprobando a documentación contractual e publicando un novo anuncio, conservando os demáis actos administrativos ata data que non se ven alterados por tal actuación.

Visto o artigo 122 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público (LCSP) que recolle “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberanse aprobar previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación, e só poderán ser modificados con posterioridade por erro material, de feito ou aritmético. Noutro caso, a modificación do prego implicará a retroacción de actuación”.

No mesmo sentido se pronuncia o artigo 124 da LCSP para os Pregos de Prescripcións Técnicas “O órgano de contratación aprobará con anterioridade á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato, ou de non existir esta, antes da súa adxudicación, os pregos e documentos que conteñan as prescricións técnicas particulares que deban rexer a realización da prestación e definan as súas calidades, as súas condicións sociais e ambientais, de conformidade cos requisitos que para cada contrato establece a presente lei, e só poderán ser modificados con posterioridade por erro material, de feito ou aritmético. Noutro caso, a modificación do prego suporá a retroacción de actuación”.

Visto que o artigo 132.1 Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público (LCSP) establece que os órganos de contratación darán ós licitadores e candidatos un tratamento igualitario y non discriminatorio e axustarán a súa actuación os principios de transparencia e proporcionalidad.

Visto que o artigo 136, apartado primeiro, da LCSP recolle que os órganos de contratación fixarán os plazos de presentación das ofertas e solicitudes de participación tendo en conta o tempo que razonablemente poida ser necesario para preparar aquelas, atendida a complexidade do contrato, e respetando, en todo caso, os plazos mínimos fixados nesta Lei.

Ademáis os órganos de contratación deberán ampliar o prazo inicial de presentación das ofertas e solicitudes de participación, de forma que todos os posibles interesados na licitación poidan ter acceso a toda a información necesaria para as elaborar, cando por calquera razón os servizos dependentes do órgano de contratación non atendesen o requirimento de información que o interesado formulase coa debida antelación, nos termos sinalados no número 3 do artigo 138. Esta causa non se aplicará cando a información adicional solicitada teña un carácter irrelevante para os efectos de poder formular unha oferta ou solicitude válidas.

En todo caso se considerará información relevante para os efectos deste artigo a seguinte:

a) Calquera información adicional transmitida a un licitador.

b) Calquera información asociada a elementos referidos nos pregos e documentos de contratación.

Os órganos de contratación deberán ampliar o prazo inicial de presentación das ofertas e solicitudes de participación, así mesmo, no caso de que se introduzan modificacións significativas nos pregos da contratación, sen prexuízo do sinalado nos artigos 122.1 e 124. En todo caso, considerarase modificación significativa dos pregos a que afecte:

a) A clasificación requirida.

b) O importe e o prazo do contrato.

c) As obrigacións do adxudicatario.

d) O cambio ou a variación do obxecto do contrato. A duración da prórroga, en todo caso, será proporcional á importancia da información solicitada polo interesado.

Visto que a lexislación (DA 2ª LCSP) atribúe ó Alcalde da Corporación a competencia como órgano de contratación respecto dos contratos cando o seu importe non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, os seis millóns de euros, e nos supostos de contratos plurianuais de duración inferior a catro anualidades cando o importe acumulado de tódalas súas anualidades non supere a porcentaxe indicada, referida ós recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, correspondendo nos demais supostos a competencia ó Pleno da Corporación.

O órgano de contratación será o que adxudique o correspondente contrato administrativo e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofreza a súa execución, modificalo e acordar a súa resolución, con suxeición á normativa aplicable.

Por contía esta competencia lle correspondería ao Pleno do Concello de Silleda, que ten delegada dita competencia a favor da Xunta de Goberno Local, que será quen tome as decisións relativas ó presente contrato.

Visto que o artigo 113.1.e) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por o que se aproba o

Concello de Silleda

Reglamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, recolle que nos casos en que a Xunta de Goberno exerza competencias delegadas por o Pleno, será preceptivo o previo informe da Comisión Informativa correspondente, non obstante o artigo 123 do mesmo texto legal establece que as Comisións Informativas, integradas exclusivamente por membros da Corporación, son órganos sin atribucións resolutorias que teñen por función o estudio, informe ou consulta dos asuntos que deban ser sometidos á decisión do Pleno y da Xunta de Goberno cando esta actúe con competencias delegadas polo Pleno, salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes, como é o asunto que nos ocupa.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local ACORDA:

PRIMEIRO.- Declarar a urxencia do acordo a adoptar.

SEGUNDO.- Aprobar as modificación dos Pregos, Anexos e demáis documentación contractual que rexe este contrato, conservando os actos que non se vexan afectados.

TERCEIRO.- levar a cabo os trámites necesarios para a correcta execución da resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia que estima necesaria proceder a unha retroacción das actuacións coa publicación dun novo anuncio, tal e como esixe o artigo 124 da LCSP.

CUARTO.- dar conta do acordado na próxima sesión que se celebre das Comisións Informativas e do Pleno.

**FOD - Expediente 1066/2021. Solicitude de devolución de aval**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

**Inclusión por urxencia Expediente 1066/2021**

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 10 de febreiro de 2023.

En data 28.10.2022 con Rexistro de Entrada n.º 2022-E-RE-1293 por Ana Isabel Taboada Ramos en representación de CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SL con C.I.F.

B94181807 preséntase escrito de solicitude de devolución da garantía definitiva constituída para responder do contrato de obras denominado “MELLORA DE FIRME DE CAMIÑOS EN CUMBRAOS E BALÁNTIGA, PARROQUIA DE ESCUADRO" PLAN MARCO 2021”

Visto que a cláusula XXI do Prego de cláusulas administrativas establece que: “a garantía definitiva responderá dos conceptos a que se refire o artigo 110 LCSP. Dentro de ditos conceptos se inclúe o incumprimento por parte do contratista da obrigación de indemnizar os danos e prexuízos ocasionados a terceiros como consecuencia da incorrecta execución das prestacións obxecto do contrato, prevista no artigo 196 LCSP.”

Considerando que de conformidade co establecido no art. 111 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ó ordenamento xurídico españoI as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, a garantía non será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista;

Visto que con data 09 de febreiro de 2023 por Román Gómez Fraiz, Director Técnico das Obras, emítese informe favorable a devolución do aval.

Visto que a actuación foi recibida polo Concello, sen que exista reparo algún por parte deste sobre a súa execución.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar a devolución do Aval de Asefa S.A. Seguros y Reaseguros, por importe de 2.865,40 €, constituido como garantía do correcto cumprimento do contrato de obras denominado “MELLORA DE FIRME DE CAMIÑOS EN CUMBRAOS E BALÁNTIGA, PARROQUIA DE ESCUADRO" PLAN MARCO 2021” (Expediente 1066/2021)

Segundo.- Notificar ao interesado o presente acordo.

| **FOD - Expediente 21/2022. Solicitude de devolución de aval** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

**Inclusión por urxencia Expediente 21/2022**

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Concello de Silleda

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 10 de febreiro de 2023.

En data 18.01.2023 con Rexistro de Entrada n.º 2023-E-RE-53 por DIEGO GARCIA BESTEIRO con N.I.F. 33561240P preséntase escrito de solicitude de devolución da garantía definitiva constituída para responder do contrato de servizos "SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2022 – LOTE 3",

Visto que o contrato foi resolto de mutuo acordo mediante resolución número 2022-0514, de data 28 de xullo de 2022

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar a devolución da garantía definitiva, por importe de 420,00 €, constituida mediante transferencia bancaria realizada o 06 de xuño de 2022, constituida como garantía do correcto cumprimento do contrato de servizos "SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2022 – LOTE 3", (Expediente 21/2022)

Segundo.- Notificar ao interesado o presente acordo.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**